



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Exposición pública padrón fiscal taxa servizos escolas deportivas e utilización pavillón setembro 2024

Anuncio de cobranza dos padróns fiscais de setembro 2024 correspondentes a: Persoas usuarias escolas deportivas, culturais e ximnasio e utilización instalacións do pavillón polideportivo.

Por acordos da Xunta de Goberno Local de 11 e 18 de novembro de 2024, aprobáronse os padróns fiscais, correspondentes ao mes de setembro do 2024, das taxas polos servizos de escolas deportivas, culturais e ximnasio e da taxa pola utilización das instalacións do pavillón polideportivo municipal.

Exposición: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación deste Edicto no BOP, feito o cal pasaranse o cobro.

Cobro: A recadación do importe da taxa será mensual e levarase a cabo polo Concello mediante recibo. O cobro farase de forma preferente mediante domiciliación bancaria, para o cal no momento en que se presenta a solicitude de alta en calquera das escolas, asinarase polo contratante o correspondente impreso de domiciliación, no que se conteña unha cláusula que manteña a validez da dita domiciliación ata en tanto polo concello non se lle comunique o establecemento bancario a cancelación da mesma. Non obstante o anterior o cobro dos recibos tamén poderá realizarse por presentación no domicilio dos abonados.

En canto as taxas pola utilización do pavillón e campo de fútbol, una vez confeccionado o padrón das persoas e entidades autorizadas mensualmente, pasarase a coñecemento da Xunta de Goberno para a súa aprobación, e no caso de discrepancia algunha por parte dos afectados coas liquidacións efectuadas, haberá un prazo de **cinco días** para emendalas, feito o cal abrirase novo prazo para o pago do dito importe.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do RXR.

Prazo de cobro: En período voluntario, será de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a esixir os xuros de mora e as recargas que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

Durante o período de exposición pública contra os recibos incluídos nos respectivos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

No caso dos recibos que se presenten o cobro en establecementos bancarios e sexan devoltos por inexistencia de fondos, o débito notificarase ao abonado, quen poderá facelo efectivo na conta bancaria de titularidade municipal, que se lle indique, no prazo de **quinze días hábiles** sen ningunha recarga, pasado o mesmo procederase a efectuar os trámites para o cobro pola vía executiva coas recargas establecidas pola lexislación vixente.

Recursos: Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Reposición, perante a alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición se é expresa, e no prazo de 6 meses dende a súa interposición, se non o fose.
- Calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Vila de Neda, 19 de novembro de 2024

O alcalde

Angel Alvaríño Saavedra